

6.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 6: Expón un tema

Actividade 1

Enunciado: Coloca o acento gráfico nas palabras que o precisen.

- **Síntoo** moito, pechamos a tenda agora mesmo.
- André **díxonos** que tes un novo irmán.
- **Évos** moi doado montar en bicicleta, **intentádeo**.
- **Axúdame** coa porta, non podó abríla.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Aplica perfectamente as regras de acentuación dos verbos con pronomes	Aplica con bastante éxito as regras de acentuación dos verbos con pronomes	Aplica, de cando en vez, as regras de acentuación dos verbos con pronomes	Non aplica as regras de acentuación dos verbos con pronomes

Estándar de aprendizaxe avaliable

Cóñece e aplica as regras de acentuación dos verbos con pronomes.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 2

Enunciado: Indica a palabra empregada en sentido figurado e explica o que quere dicir.

- O meu cuarto é un **conxelador**.

O cuarto é moi frío

- Ten moi boa **man** para a cociña.

Que se lle dá moi ben cociñar.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Diferencia, perfectamente, entre sentido real e sentido figurado e interpreta correctamente a información que nos achegan.	Diferencia con bastante exactitude entre sentido real e sentido figurado e interpreta, con corrección, a información que nos achegan.	Ten dificultades para diferenciar entre sentido real e sentido figurado e interpretar a información que nos achegan.	Non diferencia entre sentido real e sentido figurado nin interpreta a información que nos achegan.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Diferencia entre sentido real e sentido figurado e interpreta a información que nos achegan.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 3

Enunciado: Completa a táboa con cinco verbos de cada.

Regulares	Irregulares	Completos	Incompletos
Resposta libre.			

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Aplica perfectamente as normas para clasificar verbos segundo a súa forma no conxugación.	Aplica con bastante perfección as normas para clasificar verbos segundo a súa forma no conxugación.	Aplica, de cando en vez, as normas para clasificar verbos segundo a súa forma no conxugación.	Non aplica as normas para clasificar verbos segundo a súa forma no conxugación.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece a clasificación dos verbos segundo a forma que adopta na conxugación.
Clasifica verbos segundo a súa forma na conxugación.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Comunicación para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 4

Enunciado: Risca os verbos impersonais.

gañou **choveu** fai **orballou** busque
lostrega pon **nevará** hai **ventou**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todos os verbos impersonais dunha listaxe.	Comete menos de tres erros ao identificar os verbos impersonais dunha listaxe.	Comete entre tres e catro erros ao identificar os verbos impersonais dunha listaxe.	Comete máis de catro erros ao identificar os verbos impersonais dunha listaxe.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Clasifica verbos segundo a súa forma na conxugación.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 5

Enunciado: Define.

- Sentido real: **é o que lle dá o propio significado das palabras que emprega o escritor.**
- Sentido figurado: **é o significado que se lle dá ao uso de determinadas palabras dependendo do contexto.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente a definición de sentido real e sentido figurado.	Escribe con bastante corrección a definición de sentido real e sentido figurado.	Cústalle escribir correctamente a definición de sentido real e sentido figurado.	Non escribe correctamente a definición de sentido real e sentido figurado.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Diferencia entre sentido real e sentido figurado e interpreta a información que nos achegan.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Actividade 6

Enunciado: Substitúe as palabras subliñadas por un pronome e contraído co verbo.

- Collemos o autobús na praza. **Collémolo na praza.**
- Dá a carta á túa nai. **Dálla.**
- Esperou aos seus avós na rúa. **Esperounos na rúa.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Non comete ningún erro cando substitúe unha palabra por un verbo contraído por un pronome.	Comete un erro cando substitúe unha palabra por un verbo contraído por un pronome.	Comete dous erros cando substitúe unha palabra por un verbo contraído por un pronome.	Non substitúe correctamente ningunha palabra por un verbo contraído por un pronome.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica as regras de acentuación dos verbos con pronomes.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 7

Enunciado: Escribe un texto no que apareza unha descrición.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escrebe con total éxito descricións presentando a información de forma clara e coherente e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Escrebe con bastante éxito descricións presentando a información de forma clara e coherente e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Escrebe con algunha dificultade descricións presentando a información de forma clara e coherente e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Non escribe descricións nas que se presente a información de forma clara e coherente nin respecta as normas gramaticais e ortográficas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Realiza descricións.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 8

Enunciado: Escribe catro consellos para realizar unha exposición oral sobre un tema de forma axeitada.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Presenta con total corrección os pasos para realizar exposicións orais.	Presenta con bastante corrección os pasos para realizar exposicións orais.	Presenta con algunha dificultade os pasos para realizar exposicións orais.	Non presenta con corrección os pasos para realizar exposicións orais.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Expón información sobre un tema.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en competencia social e cívica

Actividade 9

Enunciado: Indica o recurso que aparece en cada estrofa.

Coma un paxaro na póla
cravo puntas, e no chan
deixo esa fermosa esmola.

Ramiro FONTE

Comparación.

Os séculos e os anos son instantes;
o que ti escribes xa pautaron antes
outros mellores ca ti. Altas ideas
na praia do universo, grans de area.

Ramiro FONTE

Metáfora.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre identifica as comparacións e as metáforas presentes nun texto.	Case sempre identifica as comparacións e as metáforas presentes nun texto.	De vez en cando identifica as comparacións e as metáforas presentes nun texto.	Non identifica as comparacións nin as metáforas presentes nun texto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Le un texto de forma fluída.

Obtén información dun texto.

Identifica comparacións e metáforas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 10

Enunciado: Completa.

- A **comparación** establece semellanza entre dous **termos**.
- A **metáfora** identifica dous termos que gardan **relación de semellanza**.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Completa con corrección textos con contidos referentes á metáfora e á comparación.	Completa con bastante corrección textos con contidos referentes á metáfora e á comparación.	Completa con dificultade textos con contidos referentes á metáfora e á comparación.	Non completa con corrección textos con contidos referentes á metáfora e á comparación palabras compostas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica comparacións e metáforas.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Comunicación para aprender a aprender

Actividade 11

Enunciado: Busca no texto unha expresión en sentido figurado, cópiaa e indica o que quere dicir.

Mentres agardaba no portal a que deixase de chover, Anxo miraba para a rapaza. Era un bombón. O seu cabelo eran negro coma o acibeche. Os seus ollos, un inmenso mar azul, os seus beizos... Non podía deixar de observala. A moza mirou para el sorrindo. Anxo púxose colorado coma un tomate. Tiña moita vergoña. Timidamente, fixo un amago de saúdo: «Ola... cha... chámome...Anxo...».

A moza, con naturalidade, tendeu a man e respondeu: «Ola Anxo! Eu son Uxía».

Era un bombón: era moi guapa.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Le un texto correctamente, identifica as expresións en sentido figurado que aparecen nel e explica o seu significado.	Le un texto con bastante corrección, identifica as expresións en sentido figurado que aparecen nel e explica o seu significado.	Cústalle ler un texto correctamente, identifica as expresións en sentido figurado que aparecen nel e explica o seu significado.	Non é capaz de ler un texto correctamente, identifica as expresións en sentido figurado que aparecen nel e explica o seu significado.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Le un texto de forma fluída.

Obtén información dun texto.

Diferencia entre sentido real e sentido figurado e interpreta a información que nos achegan.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 12

Enunciado: Busca no texto e completa.

Comparación	Anxo púxose colorado coma un tomate. O seu cabelo era negro coma o acibeche.
Metáfora	Os seus ollos, un inmenso mar azul.

- Que quere dicir a metáfora? **Que os seus ollos eran grandes e azuis.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica correctamente as comparacións e metáforas dun texto e explica a que se refire esta última.	Identifica case correctamente as comparacións e metáforas dun texto e explica a que se refire esta última.	Cústalle identificar correctamente as comparacións e metáforas dun texto e explicar a que se refire esta última.	Non identifica correctamente as comparacións e metáforas dun texto nin é capaz de explicar a que se refire esta última

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica comparacións e metáforas.

Obtén información dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 3

Enunciado: Clasifica os verbos do texto segundo a súa forma na conxugación.

Regulares: agardaba, deixase, chover, miraba, deixar, observar, mirou, sorrindo, chamo, tendeu, respondeu. **Irregulares:** eran, podía, puxo, ter, fixo. **Completo:** agardaba, deixase, miraba, era, podía, observar, sorrir, púxose, chamo. **Incompleto:** chover.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Localiza todos os verbos dun texto e clasifícalos correctamente segundo a súa forma na conxugación.	Localiza case todos os verbos dun texto e clasifícalos correctamente segundo a súa forma na conxugación.	Localiza a metade dos verbos dun texto e ten erros á hora de clasifícalos correctamente segundo a súa forma na conxugación.	Localiza menos da metade dos verbos dun texto e ten erros á hora de clasifícalos segundo a súa forma na conxugación.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Clasifica verbos segundo a súa forma na conxugación.
Obtén información dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 14

Enunciado: Escribe as formas verbais do texto que aparecen contraídas cun pronome e explica por que levan acento gráfico ou non.

Observala, non leva porque é grave acabada en vogal. **Púxose** e **chámome** son esdrúxulas. **Tendeulle**, non leva porque é grave acabada en vogal.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica nun texto todas as formas verbais contraídas con pronomes e aplica perfectamente as regras de acentuación destas palabras.	Identifica nun texto case todas as formas verbais contraídas con pronomes e aplica perfectamente as regras de acentuación destas palabras.	Cústalle identificar nun texto todas as formas verbais contraídas con pronomes e aplicar as regras de acentuación destas palabras.	Non identifica nun texto as formas verbais contraídas con pronomes nin aplica perfectamente as regras de acentuación destas palabras.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica as regras de acentuación dos verbos con pronomes.
Obtén información dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor
Competencia para aprender a aprender

Actividade 15

Enunciado: Que diferenza existe entre o sentido real e o sentido figurado?

Sentido real, é o que lle dá o propio significado das palabras que emprega o escritor.

Sentido figurado, é o significado que se lle dá ao uso de determinadas palabras dependendo do contexto.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Diferencia correctamente o sentido real do sentido figurado.	Diferencia con bastante corrección o sentido real do sentido figurado.	Ten dificultades para diferenciar correctamente o sentido real do sentido figurado.	Non é quen de diferenciar o sentido real do sentido figurado.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Diferencia entre sentido real e sentido figurado.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 16

Enunciado: Substitúe as palabras salientadas por un pronome.

- Anxo miraba á rapaza. **Anxo mirábaa.**
- A rapaza tendeu a man. **A rapaza tendeulla.**
- Non deixaba de observar os seus ollos. **Non deixaba de observalos.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Aplica perfectamente as regras de acentuación dos verbos con pronomes.	Aplica con bastante éxito as regras de acentuación dos verbos con pronomes.	Aplica, de cando en vez, as regras de acentuación dos verbos con pronomes.	Non aplica as regras de acentuación dos verbos con pronomes.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica as regras de acentuación dos verbos con pronomes.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 17

Enunciado: Completa a táboa con cinco verbos de cada.

Unipersoais	Resposta libre.
Impersoais	

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Non comete ningún erro á hora de clasificar os verbos segundo a súa forma na conxugación.	Comete menos de tres catro á hora de clasificar os verbos segundo a súa forma na conxugación.	Comete entre catro e seis erros á hora de clasificar os verbos segundo a súa forma na conxugación.	Comete máis de seis erros á hora de clasificar os verbos segundo a súa forma na conxugación.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece a clasificación dos verbos segundo a forma que adoptan na conxugación

Clasifica verbos segundo a súa forma na conxugación

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 18

Enunciado: A quen se describe no texto?

Unha rapaza.

- Completa a descrición.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Completa con total éxito descrições presentando a información de forma clara e coherente e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Completa con bastante éxito descrições presentando a información de forma clara e coherente e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Completa con algunha dificultade descrições presentando a información de forma clara e coherente e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Non completa descrições nas que se presente a información de forma clara e coherente nin respecta as normas gramaticais e ortográficas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Realiza descrições.

Obtén información dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresión culturais

Actividade 19

Enunciado: Que aspectos se deben ter en conta á hora de facer unha exposición?

Antes da exposición: escoller un tema interesante; buscar a maior información posible sobre o tema en libros, revistas, Internet...; escoller aquela información que che pareza máis importante; elaborar un guión (un esquema) que che axude na exposición.

Durante a exposición: iniciar a exposición cunha pequena presentación do tema; rematar a exposición cunha recapitulación das ideas máis importantes; non ler a información; utilizar unha entoación adecuada para facer a exposición máis interesante; expresarte con voz clara e modulada; axudarte de exemplos, anécdotas...; dar a información de forma breve, pero completa, axustándose ao tempo establecido.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Presenta con total corrección os pasos para realizar exposicións orais.	Presenta con bastante corrección os pasos para realizar exposicións orais.	Presenta con algunha dificultade os pasos para realizar exposicións orais.	Non presenta con corrección os pasos para realizar exposicións orais.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Expón información sobre un tema.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencias sociais e cívicas

Actividade 20

Enunciado: Cando levan acento gráfico, aínda en contra das regras xerais de acentuación, os verbos con pronomes? Escribe un exemplo.

No caso das formas verbais que levan acento diacrítico, mantéñeno cando van seguidos da forma átona do pronome (*dáme, évos...*).

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece e aplica perfectamente as regras de acentuación dos verbos con pronomes.	Coñece e aplica con bastante éxito as regras de acentuación dos verbos con pronomes.	Coñece e aplica, de cando en vez, as regras de acentuación dos verbos con pronomes.	Non coñece nin aplica as regras de acentuación dos verbos con pronomes.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica as regras de acentuación dos verbos con pronomes.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Competencia para aprender a aprender